

ANTOLOXÍA
21 VOCES POÉTICAS

8 DE MARZO

Versos na Loita Común

ANTOLOXÍA 21 VOCES POÉTICAS

8 DE MARZO

Versos na Loita Común

©Culturalia GZ, Marzo 2020

[HTTP://culturaliagz.com/](http://culturaliagz.com/)
info@culturaliagz.com

©Dos textos: Autoras/-es

©Das imaxes interiores: Autoras/-es

Deseño da capa: Adolfina Mesa

Imaxe da capa: obra *8 DE MARZO*, de Adolfina Mesa

Maqueta: Culturalia GZ (Martíño Maseda) e Adolfina Mesa

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

DECLARACIÓN DE INTENCIONS

Cando me propuxen conmemorar en Culturalia GZ o Día da Poesía, 21 de marzo, cavilei que sería un xeito ben atinado facelo sumando a participación de 21 voces poéticas, as cales amosaron, desde o principio, a súa absoluta e desinteresada disposición. Ademais, tendo en conta que no mes de marzo tamén se celebra o Día Internacional da Muller, pensei no acerto de conxugar palabra e reivindicación poéticas dos dereitos e o rol fundamental da muller na sociedade.

Como apuntei a resposta a esta humilde proposición foi inmediata e moi satisfactoria para quen cre no papel sublime da palabra cando está tocada pola habelencia e a sensibilidade estética das/-os poetas e artistas que aquí participan, amosando os seus versos ou a súa expresividade cromática.

A miña infinda gratitude, daquela, e por orde de aparición nesta publicación, a Adolfinia Mesa, Andrea Fernández Maneiro, Antonio García Teijeiro, Arancha Nogueira, Beatriz Dourado, Beatriz Maceda Abeleira, Carlos Da Aira, Eva Veiga, Iria Collazo López, Lourdes Maceiras, María José Fernández López, Mariña Maceiras, Miguel Díaz, Natalia González Gómez, Navia Rivas de Castro, Patricia Torrado Queiruga, Pepa Álvarez Gómez, Primitivo Oliva Fernández, Rochi Nóvoa Vázquez, Ximena Mariño e Xosé Otero Canto.

Só me resta expresar o desexo de que os versos e as imaxes contidas nas páxinas que veñen a continuación *emocionen* e, incluso, *conmocionen* o espírito inqueda de quen se mergulle na súa lectura.

Grazas! Medre a Poesía!

Martiño Maseda
Director de Culturalia GZ

ANTOLOXÍA 21 VOCES POÉTICAS

8 DE MARZO

Versos na Loita Común



MANIFESTO, Adelfina Mesa, Acrílico sobre papel, 29,7 x 42 cm

MULLERES DA PALABRA

Escribimos sobre o temor que nos invade,
sobre a xustiza que (non) condena...
Somos Mulleres da palabra.

Chegamos:
Esnaquizadas

Tristes

Desconsoladas

Mutiladas coa invisibilidade.

E despertamos crecidas ante un futuro incerto
execrando un pasado infectado,
facendo eco no presente da nosa voz:
Silenciada

Escarnecida

Aldraxada.

Chegamos e somos de todas partes
con diferentes cores na nosa derme.
Depositando o verde
na arbitraria xustiza
e atávica sociedade.

Depositando o verde
sobre os nosos pasos contra o vento
que cheira a mortes...

A sangue

A bágoas

A malos tratos

A violacións

A sinistro silencio.

Somos mulleres da palabra
e fornecemos co pragmatismo
dun mundo que non entendemos,
que non nos respecta.

Escribimos coa vasoira imposta
para transformar a triste realidade.

Escribimos unha historia,
co noso sangue...
Labrando un porvir próximo,
de condición conxénere,
loitando polo feito
de que ser muller
non signifique:
Sexo débil

Obxecto sexual

Muda

Invisible

Dispoñible aínda que digas

¡NON!

Porque caladiña estás moito mellor.

Somos verbo,

Somos diálogo

Somos o berro das que xa non teñen voz
Das que xa non están.

Somos mulleres da palabra!

ESTAMPAS DE SA PA

I

A vibración das bolboretas
espalla a néboa polas ladeiras
nun velo mollado que debuxa arrozais.
E elas coa tarde e os pés húmidos e espidos
enterran o día na lama.
Os búfalos de auga lícuanse nos camiños
cando Sa pa anoitece.

II

Medran as linguas nas súas bocas
ata formar idiomas novos,
sentimentos de seu e alleos,
voces de acollida,
son de costumes e feitura.
Entre os beizos e a gorxa
hai mulleres tecendo historias
nun Babel de linguas.

III

Na montaña
as mulleres constrúen o mundo na lingua muong
e a fame cosmopolita apréndelle o inglés
con lingua de trapo.



Fotografía realizada por *Andrea Fernández Maneiro*

MULLER / DIGNIDADE

*Choraba a muller
vestida de negro
sentada nun tallo
vertendo silencios...*

Ollou cara á lúa
de rostro sereno
e o pranto de rabia
perdeuse no ceo.

Colleu coas mans,
vexadas de invernos,
a luz que roubaran
os monstros do medo.

Bateu forte neles
cos ollos abertos
e deu en regar
os ocos baleiros.


Colleu unha rosa,
ronsel silandeiro,
deixando que os pétalos
marcasen os eidos.

Vingou á muller
vestida de negro,
que fora noutro
remol de silencio.

Andou pola rúa.
Desandou carreiros.
Deixouse levar
no colo do vento.

Berrou: liberdade!
Cruzou os esteiros
dos ríos da vida
que afogan velenos.

Muller, dignidade,
cos ollos abertos.
Que a luz da xustiza
alume o teu tempo
e os raios do sol
descosan os lenzos
que un día agocharon
terribles tormentos!



ESPERTAR, *Adolfina Mesa*, Acrílico sobre papel 29,7 x 42 cm

caligrafía

I

asexo a escrita
como quen asexo o mel

coa curiosidade das cousas
que pingan]

coa curiosidade das cousas que pingan
cando non queremos limpar.

aprendéronnos do inmaculado como
un rito de iniciación]

así, coas palabras extirpadas
só souben construír desertos

agora teño medo da mancha nesa folla de papel

teño medo

como teño medo de manchar
a orixe de todas as cousas.

II

o medo
é algo co que estendo os brazos cara ti.
sei que nunca entenderás o por que deste poema

e derramo sopa
no mantel branquísimo
para demostrarche sen querer
canto fura unha ferida aberta.

teño medo
como teño medo de dicir as cousas

que persisten]

como a primeira conversa do estranxeiro.

convivir co torpe
foi tamén un xeito de bruar o idioma

derramar a sopa
como quen castiga un servo

inventar a escrita
sabendo que será sempre pulso feble
que estaremos case sempre
a piques de chegar ao círculo

inventar a escrita
-o medo-
como quen asexo o mel.

inventala malia todo.

manchar con medo
os manteis todos
e a semántica.

manual doméstico

coas mans
coas que amasaches o pan
coas que lavaches no río
coas que trezaches cabelos
aloumíñame outra vez
e ensínalle a estas
a desenredar o fío da noite
mentres apartas as bágoas
que acompañan o silencio
coas mans, nai

AIN'T GOT NO GOD.

O vento entra pola rúa, sempre escura.

Sen permiso.

Polas fendas da parede da aula.

Sen atestados.

No despacho indiferente,
na hora despois do final.

Nitróxeno, osíxeno, berros violetas.

No teu corpo sinalado.

Compartido nun outro Instagram.

No Twitter sobran caracteres,
o insulto despreza as esdrúxulas.

Mans alleas escriben unha historia.

A páxina de word é indulxente.

Non tes nada,

só o que queda de ti,

mentres eu

reconstrúo o meu corpo.

MENÚ DO DÍA

Para comer hoxe (con premeditación, pero sen aleivosía)

- O mundo a trabadas (prato único)
- Esguellos de indiferenza sobre leito de pasividade e /preguiza
- Vísceras de maltratador
 - Pulmóns rebentados
 - ~~Corazón~~ (esgotado)
 - ~~Cerebro~~ (inexistente)
- Orgullo de machista vírico ao espeto, acompañado de /amigos condescendentes e hipócritas

salteados.

Salsas a elixir:

- “Mirar para outro lado”
- “Non é o meu problema”
- “A culpa é dela, que o permite” (Acompáñase de cunca de /antídoto, dada a alta probabilidade de presenza de machismotoxina nos ingredientes e/ou no /propio padal do comensal.

En caso de dúbida, consulte coa súa conciencia e autocrítica.

Viños do día

- “Sangue de traidorxs ao propio de seu” (Reserva)
- “Tolerancia cero!” (Gran Reserva)

Variedades:

- Racismo
- Machismo
- Fascismo
- Homofobia
- Autoodio (especialidade Galiza e o seu idioma, o galego)

Demostrada a súa eficacia na cura de varios tipos de cancro coñecidos.
/Abonda unha copa diaria
ao erguerse pola mañá.

Prezo: A vontade.

mulleres Kayan
exhiben con habelencia os seus aneis


o brillo que fascina é un río
acurralado treme nos pulsos

no mercado libre
perde a dor a súa gorida
o seu prezo incalculable

faise imaxe
en quirófanos de elite
obra estética
en temerarias *performances*

a dor significa

(escuro hábito)



MULLRES KAYAN, Obra de Alfonso Costa

Avoa

Es as veas do río e o seu asombro reflectido nas pólas que demoucas. Es o verde que procura a túa auga para nacer. Es o óleo de sangue callado na cunca das mans, en liñas humildes que marcan o destino do alimento. Es a mañá eterna en que te ergues. Es o labirinto poboado de bestas que te leva á escola. Es o liño en que mallas. Es a cor da derrota. Es a rede en que es presa. Es a la que te ispe. Es o insecto que tornas. Es a cova en que te agochan. Es a orixe do riso, a lingua que di os contos, a discreción do pranto, a dignidade na sombra. O tronco de todos os carballos. Es eu. Es nós.

Estado de boa esperanza

Arde a tea que recobre o Nzadi. É morta a chaira. Ráchalle as entrañas un aro quente coma o raio que partiu o vello sicomoro a noite en que a forzaron.

Cégaa a luz branca do hospital e unhas mans de plástico manéxanlle os adentros. Cortan en dous a súa conciencia.

Dubida de que o mundo sexa suficiente para a que vén.

Dubida de que a que vén sexa suficiente para o mundo.

Tiran co elo que as unía nun caldeiro de metal.

Cun caldeiro de metal vai buscar a auga que derrote o sangue.

Chora. Chora.

Soñan.


E desexan que a vida lles sexa máis leve do que a elas.

Somos esa matria

Somos matria,
xenética mente falando.
E matria terra, natureza,
identidade, raza, lingua,
relixión, tradición,
sexo.
Matria muller.
Matria nai, filla, avoa, neta.
Esa matria da que a miña nai dicía:
“as fillas e fillos das miñas fillas,
netas e netos son;
as e os dos meus fillos,
son... ou non son”.
Esa matria da que o meu pai dicía:
“nunca permitas que ninguén che diga
que non podes facer algo;
unha muller pode facer
todo canto pode facer un home”.
Esa matria da que a miña nai dicía:
“as mulleres xa podemos votar
a quen queiramos;
temos que utilizar ben
ese noso dereito”.
Esa matria da que o meu pai dicía:
“non renuncies ao que queres facer,
non deixes os teus soños atrás,
traballa duro
e loita por eles sempre”.
Esa matria é a que quero transmitir,
á miña filla,
curmás, primas, sobriñas...
curmáns, primos, sobriños...
Esa matria que, nesta terra e nesta época,

fainos ser conscentes
de que non todo está chegado,
non todo está arranxado,
non todo é válido.
Esa matria pola que seguimos loitando
sempre ceibes,
sempre vivas.





ALMA, Adolfina Mesa, Acrílico sobre lenzo 116 x 81 cm

MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ

“Das barracas de vergoña da Historia,

eu érgome”

Maya Angelou

Ser eu
miña
nos medos herdados
nos segredos arroxados ó forno
no abismo dos ollos que observan
detrás da porta
entreaberta
Os camiños das mans aínda gardan
pegadas de ferro
en noites de sapos
e sabas de estopa
Coma todas
fun escrita en letra pequena
nas marxes dunha Historia
pensada sen min
Mais non ergo xa no meu nome
palabras
como muros
Sabede que vencín o desterro
na agonía do labirinto
sabede que á fin cabalgo
paxaros malditos

8 marzo 2020

Con ambos ollos pechados,
co valor que quedou mudo,
cos beizos tan apertados,
cos brazos coma un escudo.

Xa sen folgos para berrar,
coa pel tinguida de lila,
sen ningunha alegría
nin unha zona sen ferida.

Cargando un amor xa morto
e respirando sen vida,
a fechadura non cede,
non queda ningunha saída

Elas queren axudar pero
Garabata pide desculpas,
afastándote da porta
e a súa atención desfrutas.

De novo volve ocorrer:
verbas rabuñando a alma,
os ollos de Garabata,
aloumiños que deixan marca.

As túas bágoas escorregan
e enferruxan a fechadura.
Elas lévanche lonxe de alí
e ofrécenche axuda.

Pero, e Garabata?

Sen ti non comería,
sen ti non riría,
sen ti non gozaría,
sen ti non soñaría,
sen ti non limparía,
sen ti non viviría...
Sen ti morrería, iso sempre o dicía.
— E tan malo iso sería?
Preguntaban Elas cando o comentabas.

Xa non

Xa non consinto seguir
sendo cova de silencio,
cos cotenos da xenreira
cravados nas vísceras...
Ser na baleira escuridade,
presa do pánico diario
traído por un eco violento
que nunca se detiña...

A tintura da miña tristeza
xa non pousa medorenta
nos muros daquel cárcere.
Encontra aire a miña pel
sen puños ceibados nela
en avalancha incontida...

Xa non desfila o rancor
berrando nos meus ósos
e as palabras que semento
non recollen o desprezo...

Xa non.

Desde aquel día derradeiro
no que no prato que esixías
apareceu afouto un sorriso
que miraba ó futuro

fuxindo do odio.

Lonxe de ti.




Fotografía realizada por *Miguel Díaz*

REFLEXIÓN DA CONFORMIDADE

Eu caía con elas,
e vos conmigo.
E non é a derradeira caída,
nin o golpe último,
nin as verbas máis fortes.
Se confiamos na verdadeira razón,
non será en agresións psicolóxicas.
Non será maltratando, de ningún xeito!
Conseguremos a liberdade
por ser dor entre a súa moralidade baldeira.
Por asumir a tarefa deconstrutiva,
teorizar o poder social,
non esquecer que o persoal é político,
e que non nacemos cada día
para ser vedado da conformidade.
Precisamos que se enfronten á alteridade.
E preguntarse en que lles converteu
a construción cultural dos sesgos.
É a nosa subordinación o seu poder,
converténdose en toxicidade.
Nunca voltaremos ás sucias mans
de quen deixa o respecto a un lado
por cuestión de xénero.
Coa nosa axuda non haberá quen precise desprendelas
porque non haberá vítimas ás que ensuciar.
Triste,
triste agonía.
por non poder ver tal día, pero si desigualdade.
Si xerarquización.
Querida, a misión non é só saír á rúa.
O último fin será non esquecer as súas mortes,
defendernos pola xustiza global.

Porque nunca comprenderemos
a satisfacción do estatus interno
dos estratos do individualismo patriarcal.

XUNTAS,
fuxir de tódolos decorados
e arrancar unha a unha
as teas que nos ocultan na sombra
detrás, sempre detrás.
romper as cadeas e saír,
ceibarnos do medo
ceibarnos de todo,
coller o peso da historia e erguelo cos brazos, ben alto,
que quen constrúe pedra a pedra
tódalas loitas
sabe que ten nas mans a fouce
para segar
XUNTAS
o camiño da vitoria.



BLUE, *Adolfina Mesa*, Acrílico sobre papel, 29,7 x 42 cm

DESVERGOÑADA



Fotografía de Patricia Torrado Queiruga

Cando tes unha idade...
vólveste unha desvergoñada.
Iso non é malo,
é medicamento necesario.
Cansas de calar,
de dicir sempre que si
cando o que querías dicir

era que non.
Precisas sincerarte
contigo e co mundo,
volver construír
o teu derrubado muro de principios.

Desvergoñada
porque te vistes e te peiteas
como queres.

Desvergoñada
porque dis o que sentes,
sen vergoña ningunha
a dicir o que che gusta,
no goberno e mesmo na cama.

Paradoxicamente
nunca se sabe cando comeza
este virus a facerse latente,
pero certo é que se converte
nunha epidemia,
difícil de erradicar
e facilmente contaxiosa.

De súpeto,
todas as mulleres do universo
descobren que son,
que viven,
que fan,
que merecen
e ao planeta médralle unha capa
de autosuficiencia feminina
que brúa continente a continente,
que reclama o roubado,
a voz,
todo o “inapropiado”
e que te converte con seis
ou con oitenta anos nunha
desvergoñada.

A miña muller

A muller que habita en min
está dentro da miña persoa
do meu ser humano
dos meus ósos e da miña carne
Latéxame nas veas
escríbeme nas palmas
danza descalza
Guerreira valente
sempre adiante
A muller que habita en mín
sen permisos
sen normas
sen horas
Dame a vida
e a vida me rouba
Píntame sorrisos
Alóngame as pestanas
Cúbreme de música
Créame e recreáame
Fai que as nuves sexan
sempre redondas
Que no val non haxa aristas
secantes, tanxentes, cortantes
Esculpe sin cesar
arco iris ascendentes
Multicolores en flor
Primavera sempre
A muller que habita en min

é a miña nai e a miña aboa
a miña tía e a miña irmá
é a miña filla e son eu
Capricho da vida
este corpo habitado
esta mente habitada
e un mundo enteiro
dentro do meu ser

COSECHANDO VIDA

¿Por ternura: locura,
por abrazo: hachazo?
Su ira: tu herida.
Su capricho: tu nicho.



¿Por pasión: obsesión,
por estima: lastima?
Su deseo: tu miedo.
Su voz: tu dolor.

¿Por cariño: dominio,
por caricias: palizas?
Tu ruta: su repulsa
Tu fuerza: su bajeza.

¿Por amor: terror,
por besar: pegar?
Tu freno: su tormento.
Tu cobijo: su juicio.

¿Por reír: sufrir,
por querer: temer?
Tu sosiego: su encierro.
Tu apuesta: su condena.

Por llanto: descanso,
Por penar: la paz.
Tu lucha: su culpa.
Tu coraje: su cárcel.

NO FIRMES TU SILENCIO

La palabra viento / habitará tu casa.

Javier Díaz Gil

Todo hogar de pareja está llamado
a llenarse de brisa en los rincones.
Florestabrisa erguiéndose a la cumbre
donde un volcán se encarna junto a dos
epidermis en fuego que se abordan.
Brisasostén de primavera en alas
hacia aromas de labios sin invierno,
hacia un lecho con olas que suspiran,
hacia algún horizonte entresoñado,
hacia el amanecer de algún retoño...

El hogar abre al viento sus ventanas
y espera que la claridad conquiste
vitrinas de mirada transparente.
Esa luz que blanquea los visillos,
ese viento que baila entre sus hebras...

Pero el viento de mayo se hace ráfaga
cuando llega con arsenal de insultos
y en vendaval invade las estancias
rompiendo la ilusión puesta en floreros,
esparciendo las notas con promesas.

Vendaval que hace añicos las paredes
del corazón bajo un puño de hielo
y deja sin diálogo las fechas
y la noche sin astros... El silencio
se firma en tinta roja.

No le firmes
un contrato al maltrato en tu vivienda.

ROCHI NÓVOA VÁZQUEZ

A dó, sempre cumpre o que promete

Ninguén lembra xa que elas pasaron
cunha luz, cunha dor e un soño
por un tempo amargo...

Ninguén se lembra que tiñan
cheos de amor os ollos e os beizos;

Os traidores
apareceron como un berro de verán
no silencio da noite escura,
premendo as gargantas,
atando as mans,
ciscando a cinza nos ollos,
sementaron a morte
no nome dunha patria
aqueles que disparaban por detrás.

Encheron de cadáveres as cunetas e montes
Fila tras fila con estrita impunidade
non deixaron nin lápidas para por os seus nomes .

É tempo facer escrutinio.

Non vimos hoxe aquí cheas de raiba e furia
Nin a agochar as cabezas con conmemorativa pena
Máis ben toca encher os peitos de orgullo
E de amosar respecto.
Somos as netas das carapuchiñas que enfadaron ao lobo
O amor ardendo, froito do sufrimento
Somos lilas, terra de chuvia marcadas en negro
Xa choramos moita sangue polos poros, sobra
a media luz rematou o silencio.

Somos as mans facendo un túnel
Dende o chan ata as nubes
Somos tesouras contra a burocracia
Somos a rocha que ergue a placa.

Principio da historia, nunca contada
Somos a forza ,as crebacabezas
dos que nos queren ter caladas

Somos o pranto e a gargallada
Somos todo, cando eramos nada.
Somos as netas das labregas
Que non puideron esterilizar
É o que pasa cando se corta de raíz
A semente espalla.

Somos a disidencia que sae á luz
O outono máis colorido
a escola multiplicada
que quere deixar pegada.

Medrando

Especialmente neste día,
facémonos escoitar.
Todo o conseguido, froito,
dos nosos berros desde moitos anos atrás.

Non hai diferenza,
o xénero é un ela ou el, sen mais.
Somos iguais e, nin dubidalo debemos xa,
maila que teñamos que seguir a loitar.

Grazas ao noso esforzo, tesón e bravura,
consequimos demostrar
que queremos vivir sen censura.

Berramos para ser libres,
para poder chegar á casa
sen ter que mirar cara atrás,
por medo a que nos poidan mancar.

Seguiremos medrando.
Queda moito camiño polo que loitar,
até que non se cuestione
o que valem os e o que fixemos
por este mundo inxusto que nos fixo calar.

Que nos deixen ser, crecer.
Que non nos teñan medo,
cabemos todos neste enredo.
Pese a que a nosa intelixencia, fortaleza e talento,
poidan facer tremer,
aos que nos tapan o alento.



INMACULADA, *Adolfo Mesa*, Acrílico sobre papel, 29,7 x 42 cm

CONTIGO, muller.

Os meus ollos, contigo,
muller de sombra e pena,
lúa e nostalxia.
Caravel na casa
e no traballo, nardo.
Carne da nosa carne,
semente que reconfortas.
Loita secular que levas dentro
a conquista ímproba do torreón da igualdade.

A miña voz, contigo,
raíz profunda da árbore da vida.
Luz que forneces familia
e nutres a lingua que nos xongue
acariñando verbas de dozura
e contos de fadas na crianza.
Muller de poder e gloria
e cingulo de perdoanza.

O meu corazón, contigo,
niño de quentura e querenza,
paxaro de bicadas ancestrais
e biberóns de teimosía.
Guía umbilical de amor
na dirección da tenrura.
Cristal, espello de nós mesmos.
Enxame de sensualidade.
Sementeira de sabedoría.

Grazas, muller
Por “tanta” e “tanto”
adxectivo de sensatez e valentía.

ÍNDICE

Declaración de Intencions	3
Participacións:	
Imaxe MANIFESTO	5
Adolfina Mesa	6
Andrea Fernández Maneiro	8
Antonio García Teijeiro	10
Imaxe ESPERTAR	12
Arancha Nogueira	13
Beatriz Dourado	15
Beatriz Maceda Abeleira	16
Carlos Da Aira	17
Eva Veiga	19
Imaxe MULLRES KAYAN	20
Iria Collazo López	21
Lourdes Maceiras	23
Imaxe ALMA	25
María José Fernández López	26
Mariña Maceiras	27
Miguel Díaz	29
Natalia González Gómez	31
Navia Rivas de Castro	33
Imaxe BLUE	34
Patricia Torrado Queiruga	35
Pepa Álvarez Gómez	37
Primitivo Oliva Fernández	39
Rochi Nóvoa Vázquez	41
Ximena Mariño	43
Imaxe INMACULADA	44
Xosé Otero Canto	45

"(...)a resposta a esta humilde proposición foi inmediata e moi satisfactoria para quen cre no papel sublime da palabra cando está tocada pola habelencia e a sensibilidade estética das/-os poetas e artistas que aquí participan, amosando os seus versos ou a súa expresividade cromática."

Martíño Maseda

